**Opinións recollidas no blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008**

1. *Arraianos* é un libro que consta de dez relatos, todos eles independentes entre si en canto ás historias e aos personaxes pero cun trazo común: están ambientados en historias de personaxes que viven na fronteira que hai entre Galiza e Portugal, de aí o título do libro, xa que arraianos son os habitantes da Raia. Son contos cheos de xente misteriosa e historias estrañas, onde o autor fai uso intencionado dunha mestura entre o galego e o portugués nalgúns termos, que reflicten moi ben a lingua que empregan os arraianos. Persoalmente, non foi un libro que me gustara xa que os relatos non me pareceron nada amenos e custaba seguir as historias tanto polo propio argumento como polo vocabulario e ademais que non era doado situar as historias espacialmente segundo os lugares que se citaban. Aínda así houbo contos como "Eles" e "O militante fantasía" que me pareceron bastante reais e me gustaron. En resumo, un libro aconsellado para a xente que lle gusten os relatos. (**Tamara**)

2. *Arraianos* de Xosé Luis Méndez Ferrín é un libro composto por dez relatos curtos nos que o autor narra distintas historias vividas na fronteira entre Portugal e España. A obra non é tan doada de ler coma outras obras de relatos, pero algúns deles son moi interesantes. Por exemplo, o titulado "Lobosandaus" ou "Botas de elástico". No primeiro nárrase a morte dun home dunha aldea galega e despois o rumor que se forma no pobo sobre a reencarnación do morto. En canto ao segundo, mostra a dureza e a falta de sensibilidade dos gardas franquistas durante a Guerra Civil. En resumo, trátase dun libro moi interesante con relatos que mostran o sufrimento dos galegos no pasado. (**Jorge**)

3. *Arraianos* é un libro de relatos, algúns un tanto fantásticos, outros bastante reais, sobre episodios das vidas de xente que vive na fronteira entre Galicia e Portugal. O libro en xeral é complexo de ler e de entender, porque nalgúns relatos o vocabulario é en gran parte descoñecido e custa seguir o fío da historia. Aínda así os relatos resultan ser a maioría, ao menos, interesantes. Por outro lado hai outros relatos, aínda que son os menos, que se comprenden perfectamente e que son moi bos. Gustoume especialmente o das "botas de elástico" no que un garda civil intenta, sen éxito, convencer a unha nena de que lle diga onde se atopa agochado o seu pai. Pareceume o mellor de todos sen dúbida. A pesar de todo penso que "Arraianos" é un libro que merece a pena ler se se ten un pouco de paciencia. (**Raquel**)

4. É un libro composto por dez relatos de extensión máis ou menos longos que teñen un marco espacial na fronteira entre Galiza e Portugal, de aí a mestura de ambas as linguaxes á hora de relatarnos cada conto. "Arraianos" non é un libro doado de ler, tanto pola linguaxe un tanto trabada do autor como pola dificultade que se atopa en cada relato á hora de situarse tanto temporal coma espacialmente. Gustáronme especialmente, e nisto coincido con Jorge, os relatos "Lobosandaus" (trata da morte dun aldeán e da inseguridade que xera no pobo a idea da súa reencarnación) e "Botas de elástico"( Narra a historia dunha rapaza que se nega a contarlle á Garda Civil o agochamento do seu pai e o calvario que estes lle fan sufrir). Na miña opinión o libro é un pouco aburrido e faise bastante longo, aínda que hai relatos coma os mencionados antes que te axudan a seguir lendo ata o final. En fin, non é libro máis doado de ler pero permite pasar un rato agradable na súa lectura. (**Joaquín**)